

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DEL NAVAL GALLEGO (ACLUNAGA), A ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y DE MARISCOS – CENTRO TECNOLÓGICO NACIONAL DE CONSERVACIÓN DE PRODUCTOS DE LA PESCA (ANFACO-CECOPECA), O CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA (BIOGA), O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (CLUSAGA) A ASOCIACIÓN CLÚSTER TIC DE GALICIA (CLÚSTER TIC GALICIA), E O CLÚSTER DO SECTOR TEXTIL-MODA DE GALICIA (COINTEGA) PARA DINAMIZAR A PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS NO MARCO DO PROXECTO C-VOUCHER, FINANCIADO POLO PROGRAMA EUROPEO HORIZON 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación formalizou coa Asociación Clúster del Naval Gallego (ACLUNAGA), a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y de Mariscos – Centro Tecnológico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (ANFACO-CECOPECA), o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA), o Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) a Asociación Clúster TIC de Galicia (CLÚSTER TIC GALICIA), e o Clúster do Sector Textil-Moda de Galicia (COINTEGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2020. O Convenio poderá prorrogarse por un ano máis nas mesmas condicións durante o ano 2020, previa a tramitación administrativa e económica pertinente.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización e execución das seguintes liñas de actuación:

- Difundir das convocatorias no marco do proxecto C-Voucher a través das web, redes sociais, boletíns, etc.
- Organizar polo menos unha reunión en Galicia con empresas do sector do seu ámbito de actividade para dar a coñecer os detalles da convocatoria de C-Voucher.
- Fomentar a participación das empresas galegas na convocatoria de C-Voucher a través da promoción do proxecto (divulgar o proxecto nas súas reunións e cos seus socios ou colaboradores, envío ou reparto de material de comunicación aportado por GAIN, etc.)



- Apoiar ás empresas interesadas na redacción das súas propostas a través da resolución de posibles dúbidas, seguimento do desenvolvemento das propostas e proposición de melloras nas mesmas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Asociación Clúster del Naval Gallego (ACLUNAGA) é unha entidade sin ánimo de lucro, constituída ao amparo da Consellería de Industria da Xunta de Galicia no ano 1999.
2. Que a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y de Mariscos – Centro Tecnológico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (ANFACO-CECOPESCA) constituída ao amparo da Lei Orgánica 19/1977, reguladora do dereito de asociación sindical, é unha entidade sen ánimo de lucro con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.
3. Que o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA) é unha asociación sen ánimo de lucro constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
4. Que o Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro constituída ao amparo do dereito recoñecido no artigo 22.1 da Constitución Española de 1978 e ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
5. Que a Asociación Clúster TIC de Galicia (CLÚSTER TIC GALICIA) constitúese como unha asociación sen fins lucrativos, acollida ó disposto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e a súa disposición complementaria en materia de asociacións, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.
6. Que o Clúster do Sector Textil-Moda de Galicia (COINTEGA) constitúese ao amparo do establecido na Lei 19/77 de abril de 1977 e é unha entidade con personalidade xurídica e total autonomía.
7. Que os clústers anteriores son grupos de empresas e institucións interrelacionadas en campos particulares para la competencia, axudan ás empresas a xerar novos negocios a través da diversificación e a través de oportunidades no ámbito internacional grazas a fórmulas que permiten unha mellor adaptación ás esixencias do mercado.
8. Que debido á cercanía dos clúster coas pemes do seu sector e ao coñecemento e experiencia nos mesmos, o proxecto C-Voucher prevé a colaboración cos clúster sectoriais a través dos socios rexionais, dos que GAIN forma parte.



9. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, recolle no seu artigo segundo, entre outros, os seguintes fins fundamentais que dan cobertura a actividade proposta no presente convenio:

a) Fomentar a investigación básica e aplicada, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en Galicia, cunha clara orientación á excelencia, e potenciar a difusión e o aproveitamento dos resultados obtidos nos procesos de investigación e de innovación.

b) Favorecer a mellora tecnolóxica, da produtividade e de resultados do sistema produtivo de Galicia en todos os seus sectores, con base na innovación, na transferencia e na valorización dos resultados de investigación, e impulsar o cambio no modelo produtivo.

(...)

d) Potenciar o xurdimento de novas iniciativas empresariais e de emprendemento baseadas na transferencia e na valorización de resultados da investigación que contribúan a impulsar unha nova cultura empresarial baseada na innovación e que lle acheguen riqueza sustentable ao territorio.

e) Garantir a provisión de recursos para actividades de investigación, transferencia, valorización e innovación, e coordinar a súa asignación e o seu uso.

f) Contribuír á solución de problemas científicos, económicos, sociais e culturais claves para favorecer o desenvolvemento científico e económico de Galicia, a eliminación de desigualdades e discriminacións e a mellora da calidade de vida.

10. Que o Plan Galicia Innova 2020 identifica como unha área de acción estratéxica a creación de solucións innovadoras para o prolongamento do ciclo vital dos produtos no marco da Estratexia Galega de Economía Circular. Nese sentido, promoverase o desenvolvemento de novas solucións que permitan introducir e aplicar o criterio “multiterritorio” (repensar, rediseñar, refabricar, reparar, redistribuír, reducir, reutilizar) en todo o proceso de elaboración, consumo e utilización dos produtos, partindo da escolla das materias primas e do deseño orientado á recuperación dos materiais.

Finalmente, no mesmo Plan, se recoñecen os clúster galegos como estruturas de apoio que actúan como un potente vínculo capaz de conectar e favorecer a cooperación entre os ámbitos científico e empresarial e as esferas pública e privada.

11. Que o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 pretende fomentar un modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos. Entre os seus obxectivos transversais está o *Impulso da cultura de Innovación* e ao igual que establece a RIS3 Galicia, para o logro dese obxectivo define como unha das súas actuacións principais o fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta.



12. Que a innovación é un dos factores clave para incrementar a competitividade das empresas e neste punto é decisivo o papel que desempeñan os centros tecnolóxicos como focos de innovación e transferencia tecnolóxica, acompañando á industria na incorporación de procesos innovadores e no lanzamento de novos produtos.

A Xunta de Galicia aposta por unha innovación aberta, que promova a cooperación e a transferencia de resultados dos centros tecnolóxicos ao mercado. Neste sentido, considera prioritaria a participación en proxectos concretos que permitan aproveitar as oportunidades da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia – RIS3.

13. Que GAIN é unha axencia pública autonómica, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, e encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico, reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A devandita Axencia foi creada, ao abeiro da autorización recollida na disposición adicional segunda da anteriormente citada Lei 16/2010, mediante o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que tamén se aproban os seus estatutos.

Segundo o recollido no artigo segundo dos seus estatutos, GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e o impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

14. Que GAIN participa como socio no proxecto C-VoUCHER, que pretende transformar o modelo lineal tradicional (cradle to waste) en novas cadeas de valor circulares (cradle to cradle), incorporando solucións de economía circular baseadas en tecnoloxías capacitadoras co apoio de expertos en Design Thinking e mentores de negocio.

O proxecto C-Voucher ten como obxectivo potenciar a transformación das Estratexias de Especialización Intelixentes Rexionais (RIS3) en estratexias eco-intelixentes a través dos clústers, as pemes e os expertos nos sectores seleccionados mediante a cooperación entre as rexións. O enfoque C-VoUCHER contribuirá á fortalecer a competitividade europea ao mesmo tempo que aproveitará a especialización intelixente para fortalecer as nosas industrias tradicionais.

O proxecto C-Voucher céntrase en 5 sectores estratéxicos tradicionais, a saber, agroalimentación, saúde, industrias marítimas, téxtil e industria manufactureira.

15. Que os clúster axudan ás empresas a xerar novos negocios a través da diversificación e a través de oportunidades no ámbito internacional gracias a fórmulas que permiten unha mellor adaptación ás esixencias do mercado.



Debido á cercanía dos clúster coas pemes do seu sector e ao coñecemento e experiencia nos mesmos, o proxecto prevé a colaboración cos clúster sectoriais a través dos socios rexionais, dos que GAIN forma parte.

Neste contexto, os clúster que forman parte deste convenio foron identificados por ser parte da rede de Clústers Excelentes de Galicia xa que contan co recoñecemento de excelencia a nivel europeo ou nacional. Dentro dos 10 clúster que forman parte desta rede seleccionáronse aqueles que traballan nos ámbitos de actuación de C-Voucher:

- Sector da agroalimentación: no que son referencia CLUSAGA e ANFACO-CECOPESCA
- Sector das industrias marítimas: no que son referencia ACLUNAGA e ANFACO-CECOPESCA
- Sector das industrias manufactureiras: ao non existir un clúster que represente a todo este sector por ser éste un sector amplo, identificouse ao clúster TIC pola súa transversalidade, sendo o seu compromiso xerar sinerxias para favorecer o cambio de modelo produtivo de cara a unha economía baseada na innovación e a produtividade.
- Sector saúde: no que é referencia BIOGA
- Sector téxtil: no que é referencia COINTEGA

16. Que segundo antecede, resulta de interese para todas as partes a colaboración na promoción das convocatorias de economía circular no marco do proxecto C-Voucher así como na identificación dos principais retos en economía circular nas pemes galegas co fin de impulsar a participación das empresas galegas nas convocatorias do proxecto C-Voucher mediante actividades de difusión, formación apoio e dinamización.

17. Que as actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 15.810 €, para o que a Axencia Galega de Innovación destinará no ano 2019 un máximo de 15.810 € con cargo aos orzamentos da Axencia Galega de Innovación e que se distribuirá entre os *clusters* de acordo coa seguinte táboa:

CLÚSTER	CUSTES DE PERSOAL	CUSTES DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS*	TOTAL
ACLUNAGA	1.275 €	833 €	527 €*	2.635 €
ANFACO-CECOPESCA	1.275 €	833 €	527 €*	2.635 €
BIOGA	1.275 €	833 €	527 €*	2.635 €
CLUSAGA	1.275 €	833 €	527 €*	2.635 €
CLUSTER TIC	1.275 €	833 €	527 €*	2.635 €
COINTEGA	1.275 €	833 €	527 €*	2.635 €
TOTAL	7.650 €	4.998 €	3.162 €*	15.810 €



Nos importes indicados, entenderase incluído o IVE.

*Os custes indirectos representan o 25% da suma dos custes de persoal e de outros Custos Directos (tal e como establece o artigo 6.2 punto E do Acordo de Subvención do proxecto C-Voucher). No caso de que a xustificación de custos de persoal e/ou outros custos directos dalgún dos clústers sexa inferior ás cantidades expresadas na táboa anterior, os seus respectivos Custos Indirectos deberán ser recalculados.

18. Que procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e ao importe equivalente a axuda en especie percibida e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

19. Que de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Ley 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización del sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, “*Los convenios suscritos por la Administración general de la Comunidad Autónoma y las entidades instrumentales del sector público autonómico podrán ser objeto de modificación cuando tengan como finalidad el logro de los objetivos de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Dichas modificaciones tendrán por objeto la reducción del volumen de las obligaciones o la ampliación de su plazo de ejecución*”.

20. Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Non se permitirá a subcontratación, entendida nos termos nos que aparece definida no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

21. Estarán suxeitas igualmente ao réxime de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas mínimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013). En virtude do disposto no artigo 3.2 do anterior regulamento, o importe total das axudas de minimis concedidas por un estado membro a unha única empresa, non excederá de 200.000€ durante calquera período de tres exercicios fiscais.

O límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen, ou do obxectivo perseguido.

Con base no anterior, o beneficiario deberá presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de minimis, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

22. Que os convenios de concesión directa de axudas están expresamente previstos, con carácter excepcional, no artigo 19.4 da *Ley 9/2007*, do 13 de xuño, *de subvenciones de*



Galicia (LSG) segundo o cal estes convenios serán posibles sempre que “(...) se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública”.

23. Tendo en conta as características dos Clúster, nas súas condicións de agrupacións empresariais pertencentes á Rede de Clústers Excelentes de Galicia, a subscrición do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado para a dinamización das Pemes galegas nas convocatorias no marco do proxecto C-Voucher.
24. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.
25. Que á vista do anteriormente exposto quedan acreditadas as razóns de interese público, social e económico e a converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.
26. Que o convenio que se propón non requirirá da autorización do Consello da Xunta de Galicia á vista do disposto na *Resolución do 08/04/1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27/03/1991 (DOG núm. 82, do 30/04/1991), sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e na disposición adicional segunda da Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno (DOG núm. 30, do 15/02/2016)*; xa que non contén obrigas superiores aos 150.000€ nin é plurianual.

Non contempla pagos anticipados nin fraccionados polo que tampouco lle resulta aplicable o requisito de autorización preceptiva do Consello da Xunta de Galicia nos termos recollidos no *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia*.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xustifícase na presente memoria o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínoa en Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

